



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

CERTIFICACIÓN

Baldomero Beceiro Alonso, secretario do Concello de Concello de Monfero, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** que a Xunta de goberno local, na sesión realizada o mércores 29 de maio de 2024, adoptou o acordo que deseguido transcribo:

5. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS FINANCIADAS POLO AGADER 2024-2025

O Sr. Alcalde informa á Xunta de Goberno Local que se trata de aprobar o expediente para contratar a obra a que se refire por procedemento aberto simplificado, máis ou menos como sempre, con publicación na Plataforma de Contratación do Estado para que presenten ofertas as empresas interesadas no prazo regulamentario e adxudicación ao prezo máis baixo.

A proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto, que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico, transcríbese literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS FINANCIADAS POR AGADER 2024/2025
EXPEDIENTE TEDeC: 2024/C003/000002

Logo de ver a Resolución da subvención concedida pola Consellería do Medio Rural -Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)-, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020, para o financiamento das obras incluídas no citado plan, acordos anteriores dos órganos de goberno deste Concello, informe de fiscalización e restante documentación deste expediente, e considerando, á vista das características do contrato, que o procedemento aberto simplificado, co prezo máis baixo como único criterio de adxudicación, é o máis adecuado para efectuar a selección do contratista da forma máis acertada e vantaxosa na procura da mellor relación calidade-prezo e non tratarse de ningún dos contratos aos que se refire o art. 145.3. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP);

Propóñolle á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1. Xustificar a necesidade de realizar a obra definida no proxecto nomeado, ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALTO XESTOSO (de Graña a Portomuros e de Portomuros a Muros), documento elaborado por D. Antonio López Rodríguez, arquitecto, cun orzamento de 84.187,00€ máis 17.679,27€ de Ive que suma un total de 101.866,27€, aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 61/2024, para dotar á veciñanza e demais

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

usuarios das melloras que se describen detalladamente no devandito proxecto técnico, motivándoa polo mal estado no que se encontran as vías afectadas que, de seguir así, farían imposible a súa utilización e a prestación do servizo mínimo obrigatorio correspondente, resultando idóneo o obxecto e contido do proxecto para satisfacela.

2. Non aplicar a división en lotes polos seguintes motivos e consideracións relativas ás súas circunstancias e ás consecuencias que suporía para o Concello:
 - A división en lotes tería un importante custo económico para o Concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.
 - Aínda que no proxecto inclúen distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicadas por lotes, moitas veces existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde, a control de calidade, a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.
 - Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
 - A división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación Concello.
3. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e anexos que haberán de rexer a contratación de dita obra mediante procedemento aberto simplificado e publicalos na forma que se indica deseguido.
4. Aprobar o expediente de contratación da devandita obra.
5. Proceder a súa contratación, utilizando o procedemento aberto, establecido como de utilización ordinaria, xunto co restrinxido, polo artigo 131.2 da LCSP, neste caso simplificado por encontrarse dentro dos límites do artigo 159.1 da dita norma, e cun único criterio de adxudicación, de avaliación automática, relacionado cos custos: o prezo máis baixo.
6. Dispoñer a apertura do procedemento convocándoo mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), no que tamén se publicaran íntegros os pregos de cláusulas administrativas particulares, que inclúen o cadro de características do contrato, anexos, memoria xustificativa do contrato, o proxecto técnico e certificación do presente acordo. O prazo de presentación das ofertas polos licitadores será de 20 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

7. Aprobar o gasto correspondente, autorizándoo con cargo á aplicación orzamentaria 453.2441.61100.
8. Actuará como mesa de contratación a Mesa de Contratación da Xunta de goberno local do Concello de Monfero
9. Facultar expresamente ao Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Alcalde
Andrés Feal Varela"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Secretario,

O secretario-interventor, Baldomero Beceiro Alonso O alcalde, Andrés Feal Varela